

## RESOLUCIÓN DA ALCALDESA-PRESIDENTA

ASUNTO: Provisión temporal en Comisión de Servizos de dous postos de Conserxe de Colexios.

Con dada 14 de novembro e 18 de setembro de 2010, é previsible que queden vacantes dous postos de traballo que realizan as funcións de conserxe de colexio, por xubilación de seus titulares.

Dada a necesidade de atender as tarefas e funcións atribuídas a ditos postos para o funcionamento dos centros educativos aos que están adscritos e os servizos públicos que neles se realizan, así como a imposibilidade de proceder a convocatoria do oportuno concurso de traslados e provisión definitiva de ditos postos antes do día 18 de setembro de 2010.

Considerando a normativa de aplicación e en virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente,

**RESOLVO:**

Se proceda a cobertura en Comisión de Servizos voluntaria dos postos de traballo seguintes:

AREA	CDG	DENOMINACIÓN	RE	CD	CE	FP	GR	ESC	CP/SB/CL	TIT	SIT
EDUCACIÓN /COLEXIOS	321.01 /10	CONSERXE	F	14	26	R	AP	AE	PO	5	14/11/2010
EDUCACIÓN /COLEXIOS	321.01 /01	CONSERXE	F	14	25	R	AP	AG	SU	5	18/9/2010

Ditos nomeamentos en Comisión de servizos voluntaria terán unha duración ata a provisión definitiva de ditos postos coa resolución da convocatoria dos procedementos de provisión definitiva, e en todo caso pola duración máxima dun ano prorrogable por outro.

Aos funcionarios e comisión de servizos se lles reservará seu posto de traballo e percibirá a totalidade das retribucións do posto de traballo realmente desempeñado.

Para o nomeamento en Comisión de servizos realizarase unha convocatoria dun proceso de selección mediante concurso ao persoal funcionario do Concello de Vilagarcía segundo as seguintes:

## **BASES DE CONVOCATORIA**

### **PRIMEIRA: SOLICITUDES**

As solicitudes para tomar parte na convocatoria dirixiranse á Alcaldesa-Presidenta segundo o modelo adxunto ás presentes Bases, e nela incluírase a orde de preferencia dos postos solicitados para súa adxudicación en comisión de servizos voluntaria.

O prazo para a presentación das instancias será de 5 días hábiles contados dende a publicación da convocatoria coas súas bases no taboleiro de anuncios do Concello de Vilagarcía e de todos os servizos municipais, así como na páxina web do Concello.

A instancia acompañarase inescusablemente de:

- Da relación dos méritos que alegue o/a interesado/a, acompañada dos documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.
- Documentación acreditativa do coñecemento do idioma galego, no seu caso.

### **SEGUNDO: LISTA DE ADMITIDOS**

A lista de admitido e excluídos, coa expresión dos motivos da exclusión publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Vilagarcía por un período de 2 días hábiles, coa finalidade de que os aspirantes poidan facer as reclamacións que consideren dentro de dito prazo de 2 días hábiles. As reclamacións que poidan xurdir serán resoltas pola Comisión ao remate de dito prazo.

O resultado da convocatoria publicarase no taboleiro de edictos da Casa do Concello de Vilagarcía e na páxina web do Concello de Vilagarcía.

### **TERCEIRO: REQUISITOS**

Son requisitos para participar no proceso de selección, ser funcionario en servizo activo do Concello de Vilagarcía de Arousa, e pertencer ao grupo E (AP).

Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.

Todos os requisitos deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e gozar dos mesmos durante todo o proceso selectivo e durante a vixencia da Comisión de servizos.

#### CUARTO: COMISIÓN DE VALORACIÓN

A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: Un/ha empregado/a municipal.
- Vocais: (3): Tres empregados/as municipais.
- Secretaria/o: A do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

QUINTO: BAREMO DE MÉRITOS

**Grao persoal:**

O mesmo ou superior ó posto que se aspira: 2 puntos.

Un nivel inferior: 1 punto.

Dous niveis inferiores ou menos: 0 puntos.

**Antigüidade:**

Por cada ano ou fracción de servicios prestados ó Concello 0,20 puntos ata un máximo de 3.

**Cursos de formación e perfeccionamento:**

Por cada hora de formación en cursos relacionados co posto ao que se aspira 0,025 puntos ata unha valoración máxima por este apartado de 5 puntos equivalentes a 200 horas de formación.

**Titulacións académicas superiores ou complementarias** das que se esixen para acceso ó grupo AP, homologadas polo Ministerio de Educación e Ciencia:

1 punto por cada unha delas ata un máximo de 2 puntos.

**Outras titulacións** homologadas por organismos oficiais e relacionadas coas funcións propias do posto de traballo.

0.25 puntos cun máximo de 0,50.

**Coñecementos do idioma galego,** Só se valorara o curso máis alto:

- Estar en posesión do curso de iniciación ou CELGA 3: 0.25 punto.
- Estar en posesión do curso de perfeccionamento ou CELGA 4: 0,75 punto.
- Ter superado o curso de linguaxe administrativa básica (30 horas): 1
- ter superado o curso de linguaxe administrativa básica (75horas):1.25 puntos.
- Ter superado o curso de linguaxe administrativa media (30 horas): 1,50
- Ter superado o curso de linguaxe administrativa media (75 horas): 1.75 puntos
- Ter superado o curso de linguaxe administrativa superior (30 horas): 2.00 puntos
- Ter superado o curso de linguaxe administrativa superior (75 horas): 2.25 puntos

**Desempate:** No caso de empate terá preferencia para adxudica-los postos o que obtivese maior puntuación polo primeiro apartado, de persistir o empate o de maior grao persoal, e se continua o de maior antigüidade e por último o de maior idade.

Rematado o proceso de valoración a Comisión de valoración elevará unha lista có resultado das probas realizadas para proceder as providións dos postos, dita lista permanecerá activa

para cubrir posibles baixas, vacacións, ou vacantes que se produzan en ditos postos ou outros da mesma natureza.

**SEXTO:        NORMATIVA SUPLETORIA**

En todo o non previsto nas presentes Bases será de aplicación o disposto na normativa de aplicación:

- Art. 91.2 Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Artigos 126 a 153 e Artigo 167 a 177 do Real Decreto Legislativo 781/86 (TRRL).
- Lei 7/2007, Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).
- Lei 13/2007, da Función Pública de Galicia.
- Decreto 93/1991. Regulamento de provisión de postos de traballo e promoción dos funcionarios de Galicia.
- Real Decreto 364/1995. Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado.
- Lei 30/1984, Medidas para a reforma da Función Pública.
- Artigo 24 do III Acordo Marco do Concello de Vilagarcía.
- Lei 30/1992 Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común

**SÉTIMO:        RECURSOS.**

Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei da xurisdicción contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que o dictou. Neste caso non se

poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes; da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

En Vilagarcía de Arousa a 6 de setembro de 2010.

Alcaldesa-Presidenta

Secretaria Xeral

M<sup>a</sup> Dolores García Giménez

Rosa Losada Suárez



## ANEXO I

### MODELO DE INSTANCIA/SOLICITUDE

D./<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_, con D.N.I. \_\_\_\_\_, con  
endereço en (Rúa/Lugar) \_\_\_\_\_, núm. \_\_\_\_\_,  
Municipio \_\_\_\_\_ Provincia \_\_\_\_\_ Código postal \_\_\_\_\_  
E-mail \_\_\_\_\_ e Tfns. de contacto: \_\_\_\_\_,

#### EXPÓN

Que coñecedor/a da convocatoria de probas selectivas para a “Comisión de Servizos voluntaria dos postos de traballo Conserxe de Colexio”,

#### MANIFESTA

Que coñece as bases ou criterios de selección desta convocatoria

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas citadas bases/criterios de selección.

Que acompaña a documentación requirida.

Por todo isto, **SOLICITA**

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia/solicitud, e na súa virtude procedan a admitir ao/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia.

Asdo.:

Vilagarcía de Arousa, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010

**Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vilagarcía de Arousa**